

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 2019/C003/000009
OBRA "PROXECTO DE OBRAS DE URXENCIA NA CASA DE Mª ANTONIA DANS PARA A
CREACIÓN DUNHA CASA MUSEO"

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 13/02/2020

HORA DE COMEZO: 09:42

HORA DE REMATE: 09:59

ASISTENTES:

Presidente: Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis

Vogais:

- Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis
- Dona Olivia Souto Freiría, arquitecta técnica municipal
- Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa

Secretaria: Mónica Gesto Nieto, administrativa

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

- Acto de valoración do sobre B (subtitulado "Referencias técnicas". Criterios non avaliados de forma automática
- Apertura do sobre C e valoración do seu contido (Oferta económica e referencias valorables automaticamente)
- Proposta de adjudicación

Acto de valoración do sobre B (subtitulado "Referencias técnicas". Criterios non avaliados de forma automática)

A Mesa acepta o informe emitido o 05/02/2020 pola arquitecta técnica municipal, Olivia Souto Freiría, e **ACORDA**, por unanimidade dos seus membros, realizar, conforme ao mesmo, a seguinte valoración dos sobros B (Subtitulado "Referencias técnicas") :

	PT (Máx 15 pts)	PCIC (Máx 5 pts)	PAA (Máx 5 pts)	TOTAL
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	8,00	3,00	1,90	12,90
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	0,00	1,50	0,90	2,40
CONSTRUCCIONES LONVA S.L.	3,50	1,00	0,80	5,30

PT: programa de traballo

PCIC: plan de control interno de calidade

PAA: programa de actuación ambiental

Segundo o previsto no anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares “As empresas que non superen a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios”.

Polo exposto, a mesa exclúe do procedemento de licitación as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.
- CONSTRUCCIONES LONVA S.L.

Apertura do sobre C e valoración do se contido (Oferta económica e referencias valorables automaticamente)

Procédese á apertura do sobre C da empresa Calicanto Obras y Proyectos, SL e a súa posterior valoración co seguinte resultado:

OFERTA ECONÓMICA		INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA		REDUCCIÓN DE PRAZOS	TOTAL
IMPORTE	PUNTUACIÓN (Máx 5 pts)	OFERTA (prazo total)	PUNTUACIÓN (Máx 50)	OFERTA	
14.853,15 €	2,94	3 anos	50	30 días naturais	3,2

4.-Proposta de adxudicación

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA** propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu, a secretaria da Mesa, redacto esta acta que asinan electronicamente todos os integrantes da mesma.